



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Pobreza e desigualdade: debates, medicións e identificación de grupos en risco de exclusión			Código	615525005
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Novo Corti, María Isabel		Correo electrónico	isabel.novo.corti@udc.es	
Profesorado	Novo Corti, Maria Isabel Picatoste Novo, José María		Correo electrónico	isabel.novo.corti@udc.es j.pnovo@udc.es	
Web					
Descrición xeral	A materia pretende que o alumnado adquira os coñecementos que permitan a análise e medición da pobreza, así como a identificación dos grupos en risco de exclusión. De xeito transversal, farase referenecia, ao longo de toda a asignatura, ás particularidades a distintos grupos en risco de pobreza e/ou exclusión. O dominio do temario axudará a identificar posibles riscos, contribuíndo así ao desenvolvemento profesional na área de políticas públicas e accións relacionadas coa pobreza e a exclusión social.				
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías Non se realizarán cambios 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Os estudantes serán atendidos a través do correo electrónico, plataforma Moodle, Teams ou calquera outra vía que a Univesidade poña a disposición da comunidade universitaria. 4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A6	CE6 - Avaliar a capacidade e eficacia das medidas de intervención para corrixir ou previr situacións e procesos de exclusión social.
A7	CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflitividade social.



A8	CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación.
A17	CEG3 - Aplicar a perspectiva de xénero como enfoque epistemolóxico e metodolóxico de investigación e de intervención sobre a realidade social.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B4	CB4 - Identificar os dilemas éticos e a responsabilidade social tras os retos formulados na práctica profesional e investigadora.
B5	CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B8	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B9	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B10	CB10 - Que os estudantes manexen as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B11	CB11 - Participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas no ámbito da exclusión social, en contextos interdisciplinares e de transferencia de coñecementos.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B15	CX3 - Deseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B16	CX4 - Dirixir e coordinar equipos de investigación e profesionais de carácter multidisciplinar que traballen nos principais ámbitos da exclusión social.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
B20	CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas.
B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Os obxectivos do curso consisten na adquisición por parte do alumnado de:		BM1	CM1
1. Identificar os procesos sociais que poden provocar situacións de desigualdade, pobreza, vulnerabilidade ou risco de exclusión social, así como identificar grupos en risco de pobreza.		BM2 BM3	CM4
2. Competencias xenéricas para desenvolver unha mirada crítica e creativa ao analizar a problemática da pobreza: Crítica, no sentido de pór en cuestionamiento os principios organizadores do coñecemento e Creativa, ao considerar as implicacións sociais e políticas que os discursos levan, recoñecendo situacións de desigualdade nos países desenvolvidos, explicar a súa natureza e a influencia do contorno económico.		BM7 BM8 BM10 BM11 BM14 BM15 BM20 BM21	CM1 CM4
3. Competencias específicas en coñecementos que permitan identificar factores clave no fenómeno da pobreza e da exclusión, así como os principais grupos que se atopan nesta situación, como é o caso da pobreza e cómo afecta á desigualdade de xénero, incrementando a súa perspectiva social.	AM1 AM3 AM4 AM5 AM7 AM17	BM2 BM4 BM7	CM1 CM2 CM3 CM4
4. Competencias relacionadas coa análise das políticas sociais existentes, a comparación entre elas, a discusión e a elaboración de informes.	AM2 AM6 AM8	BM5 BM9 BM13 BM16 BM17 BM18	CM5 CM6 CM7
5. Competencias relacionadas co uso e a análise de bases de datos e recursos on-line, así como o cálculo de indicadores: Utilización de métodos e técnicas de investigación aplicadas á desigualdade, pobreza e exclusión.	AM3	BM10 BM11 BM18	CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
INTRODUCCIÓN	Economía e sociedade. Globalización e interdependencia
BLOQUE I: Concepto de pobreza, exclusión e desigualdade	I. Pobreza, exclusión e desigualdade. I.1 Visión Teórica I.2. Aspectos diferenciais dos conceptos de pobreza, exclusión e desigualdade.
BLOQUE II: A análise da pobreza, a exclusión e a desigualdade	II. A análise da pobreza, a exclusión e a desigualdade II.1 Indicadores e medidas
BLOQUE III: Investigación aplicada	III. Identificación de grupos en risco de exclusión. Aspectos xerais. III.1 Informes III.2 Introducción á Investigación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	B10 B11	12	12	24
Proba mixta	A1 A2 A5 A6 A7 A8 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B13 B14 B17 B20 B21 C5 C6 C7	8	0	8



Sesión maxistral	A1 A2 A3 B1 B2 B4 B11 B13 B14 B15 B16 B18 C2 C4	25	50	75
Lecturas	A4 B10 B13 C1 C7	0	14	14
Prácticas a través de TIC	A4 A5 A8 B2 B3 B7 B13 B14 B18 C2 C3 C4 C7	0	10	10
Proba obxectiva	A4 A5 A8 B2 B3 B8 B10 B20 B21 C3	15	0	15
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Realízanse obradoiros ou conferencias de participantes invitados/as, con persoas directamente relacionadas con proxectos ou experiencias que aporten coñecemento empírico sobre o contido da asignatura. Estes obradoiros poderán ser presenciais ou online.
Proba mixta	Podera constar de resolución de problemas, preguntas breves, preguntas de ensaio ou de preguntas de opción múltiple. Ao longo do curso faranse varias probas mixtas. Forma parte da avaliación continua. Poderase realizar online a través de la plataforma Moodle ou de forma presencial.
Sesión maxistral	Traballaranse activamente os temas do programa, integrando a exposición docente cos debates dirixidos e outras actividades prácticas. A orde das sesións poderán sufrir algúns cambios en función da asistencia de conferenciantes invitados/as para tratar estudos de casos ou experiencias concretas.
Lecturas	Recomendarase a lectura de textos académicos ou de actualidade, relacionados co contido da asignatura para que os estudantes os analicen, interpreten e os comprendan en base aos coñecementos e ás ferramentas da análise económica e social, que se estudian na materia.
Prácticas a través de TIC	O alumnado tratará de aplicar o uso das TIC para aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico, baseadas en documentación escrita, audiovisual e de calquera índole, relacionada coa materia, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. Trátase de ampliar coñecementos e obter información para facilitar a aprendizaxe autónoma e o razoamento crítico. A plataforma Moodle será un vehículo importante para a aplicación desta metodoloxía.
Proba obxectiva	Realizaranse probas durante o transcurso do curso (que poderán ser realizadas de forma presencial ou mediante a plataforma virtual), para que o estudiantado poda ter un seguemento continuo do seus progresos. Trátase dunha proba para a avaliación da aprendizaxe, pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén pode construírse con un só tipo dalgunha destas preguntas. Poderá incluír tanto preguntas de carácter teórico como práctico ou problemas. Ao longo do curso faranse sete probas obxectivas, correspondendo unha ao apartado de introducción, tres ao apartado de microeconomía e tres ao apartado de macroeconomía. Forma parte da avaliación continua. Poderase realizar online a través de la plataforma Moodle ou de forma presencial.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Obradoiro Lecturas	A equipa docente estará dispoñible para á atención personalizada aos/ás estudantes, sempre que eles/elas o requiran, para aqueles temas que estimen oportuno, en relación co temario da asignatura. Particularmente para a resolución problemas, leituras, etc. Esta atención poderán ser online a través dos mecanismos facilitados pola universidade.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A4 A5 A8 B2 B3 B8 B10 B20 B21 C3	Valoraranse coñecementos adquiridos ao longo do curso. A proba poderá consistir en cuestións de tipo teórico ou práctico. Realizaranse probas obxectivas ao longo do curso. Forma parte da avaliación continua. As probas poderán ser realizadas presencialmente ou online a través da plataforma Moodle.	70
Proba mixta	A1 A2 A5 A6 A7 A8 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B9 B13 B14 B17 B20 B21 C5 C6 C7	Valoraranse os coñecementos e capacidades mostradas polo alumnado nas probas propostas polo equipo docente. Realizaranse probas mixtas ao longo do curso. Forma parte da avaliación continua. As probas poderán ser realizadas presencialmente ou online a través da plataforma Moodle.	30

Observacións avaliación

Realízanse a seguintes observacións:

1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao/á alumno/a, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.
2. Segunda oportunidade e convocatoria adiantada: Os criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación. En todas elas a avaliación continua pondera o 100% e as probas requiridas estarán a disposición dos/as estudantes na correspondente convocatoria.
3. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: dado que a avaliación e continua a o 100%, estes/as estudantes deberán realizar todas as probas propostas, acordándose ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.
4. Sobre condicións de avaliación final: será correspondente a acadada mediante avaliación continua e todas as probas deberán ser cumprimentadas con data límite fixada.
5. Identificación do estudante: O/a estudante debe acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<p>- Sen, A. (1992). Sobre conceptos y medidas de pobreza. Comercio exterior, 42(4), 310-322</p> <p>- Instituto Nacional de Estadística - España (2006). La pobreza y su medición. Presentación de diversos métodos de obtención de medidas de pobreza. INE. Instituto Nacional de Estadística.</p> <p>- Atkinson, A. B. (1998). Social exclusion, poverty and unemployment. In J. Hills (Ed.), Exclusion, employment and opportunity (pp. 1-20) . London School of Economics and Political Science: Centre for Analysis of Social Exclusion (CASE)</p> <p>- Subirats, Joan (2004). Pobreza y exclusión social, un análisis de la realidad española y europea. Colección de Estudios Sociales, 16, Fundación La Caixa</p> <p>- Atkinson, R., & Davoudi, S. (2000). The concept of social exclusion in the european union: Context, development and possibilities. Journal of Common Market Studies, 38(3)</p> <p>- Novo-Corti, I; Baña Castro, M (2011). Muller Rural Galega, tecendo redes para un novo milenio. Gesbiblo, A Coruña - Spain</p> <p>- Fundación FOESSA (2019). Informe sobre exclusión y desarrollo social en España. Fundación FOESSA</p> <p>- Rycroft, Robert S. (2018). The economics of inequality, discrimination, poverty and mobility (2nd edition). Routledge - Taylor & Francis</p> <p>- Collier, P. (2008). El club de la miseria : qué falla en los países más pobres del mundo . Turner</p> <p>- Collier, P., & Dollar, D. (2002). Globalization, growth, and poverty: Building an inclusive world economy. Oxford University Press</p> <p>- Goerlich, F.J. & Villar, A. (2009). Desigualdad y bienestar social, de la teoría a la práctica. Fundación BBVA</p> <p>- Villar, A. (2017). Lectures on Inequality, Poverty and Welfare. Springer</p> <p>Atkinson, A. B. (1998). Social exclusion, poverty and unemployment. In J. Hills (Ed.), Exclusion, employment and opportunity (pp. 1-20) London School of Economics and Political Science: Centre for Analysis of Social Exclusion (CASE).Atkinson, R., & Davoudi, S. (2000). The concept of social exclusion in the european union: Context, development and possibilities. Journal of Common Market Studies, 38(3) doi:10.1111/1468-5965.00229Ayala, L. (2006). Lamonitorización de la desigualdad y la exclusión social: hacia un sistemaintegrado de indicadores, en Vidal Fernández, F. (dir.), V Informe FUEM depolíticas sociales: La exclusión social y el estado del bienestar en España,Madrid: FUEM, 43-59. Disponible en: http://www.fuhem.es/media/ecosocial/file/Cohesi%C3%B3n%20Social/Desigualdad,%20pobreza%20y%20exclusi%C3%B3n/AYALA%20CA%20CA%20CA%20Luis,%20La%20monitarizaci%C3%B3n%20de%20la%20desigualdad.pdfCortina A., Pereira G.(2009). Pobreza y libertad: erradicar la pobreza desde el enfoque de lascapacidades de Amartya Sen. Madrid: Tecnos.Fundación FOESSA (2014).Una mirada de género a la exclusión social. Fundación FOESSA. Disponible en: http://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos_trabajo/15102014151359_2687.pdfFundación FOESSA (2015). Análisisy Perspectivas 2016: Expulsión Social y Recuperación Económica. FundaciónFOESSA. Disponible en: http://www.foessa.es/publicaciones_compra.aspx?Id=5279&Idioma=1&Diocesis=42Instituto Nacional de Estadística (2006). La pobreza y su medición. Presentación de diversos métodosde obtención de medidas de pobreza. Instituto Nacional de Estadística.Disponible en: file:///F:/Docencia/Pobreza%20y%20exclusi%C3%B3n%20social/Gu%C3%ADa%20Carlos%20III/INE_pobreza.pdfPiketty, T., & Saez, E. (2014). Inequality in the long run. Science, 344(6186), 838-843. doi:10.1126/science.1251936Picatoste, José Picatoste, Ignacio López Arranz, Mª Asunción (2016). Las políticas públicas de austeridad efectos del Real Decreto-Ley 16/2012, de 20 de abril, en España. Editorial Aranzadi, S.A. ISBN:97884Stiglitz J. E., Sen A. yFitoussi J. P. (2009). El informe de la comisión sobre la medición de lasactividades económicas y el progreso social. Institut national de lastatistique et des études économiques. Disponible en: http://www.ambafrance-es.org/Informe-de-la-Comision-StiglitzSubirats, Joan. (dir.)(2004) Pobreza y exclusión social, un análisis de la realidad española yeuropea, Colección de Estudios Sociales, 16, Fundación La Caixa. Disponible en: http://www.didacqueralt.com/pobreza-sp.pdf</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Recoméndase hacer un seguimiento continuo da plataforma MOODLE</p>



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fontes de información e técnicas estatísticas para a análise das políticas sociais/615525007

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase seguir con asiduidade as indicacións e novidades da plataforma MOODLE, xa que esta plataforma, xunto coas clases presenciais, constitúe un sistema esencial de comunicación entre a equipa docente e o estudiantado. Ademais, fanse as seguintes observacións e recomendacións, con carácter xeral: 1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático; b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. 4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Adicionalmente, é aconsellable tener coñecementos básicos de socioloxía, economía e dereito. En particular, debes coñecer o papel das organizacións transnacionais (Banco Mundial, Nacións Unidas, Unión Europea). Tamén hai coñecementos básicos de matemáticas e estatística aplicadas á correcta interpretación, cálculo e xestión de bases de datos e indicadores. Recoméndase ter un nivel de inglés medio-alto para un acceso adecuado ás fontes de información. Así mesmo, requírese un nivel adecuado de uso das TIC.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías